

LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA.

IDENTIFICACIÓN CORRECTA E PRECISA DO BICHO INIMIGO

«Confusión é unha palabra que inventamos para unha orde que aínda non se entende».
(Henry Miller)

RESUMO.- Consonte as definicións dos respectivos dicionarios da Real Academia Galega e da Real Academia Española:

Na lingua galega común débese identificar a Vespa velutina spp. nigrithorax como «tártago asiático» ou, mellor aínda, «tártago de patas amarelas», para distinguilo do ‘tártago europeo’ (Vespa crabro). E os niños secundarios dos tártagos denomínanse «tartagueiros», pasando a ser «tartagueiras» no caso de teren un tamaño inmenso.

En la lengua castellana, la Vespa veltunia spp. nigrothorax ha de identificarse como «avispón asiático» o «avispón negro», distinguiéndolo del ‘avispón europeo’ (Vespa crabro). Sus nidos se calificarán con la denominación de ‘nido primario’ o ‘nido secundario’.

Recomendacións que o sector apícola galego está disposto a seguir.

1. PROPÓSITO

A xente abelleira aprende axiña polas boas ou por forza a identificar o inimigo invasor das súas colonias de abellas, pois polas malas ou non prestando a atención debida vai quedar claramente sen elas, e aínda así actuando presto e con coñecemento corre o risco de perdelas. Mais o común das mentes *urbanícolas*, inclusive do mundo rural, que non sofre estes ataques temporais e intensivos no verán e outono non discirne ben a fauna e acostuma usar un termo xenérico para a súa identificación, ben que non sexa a exacta, confundíndose moi a miúdo, en especial no mundo dos insectos e a flora¹. Daquela, este artigo vai dirixido máis alá dos abelleiros e abelleiras, tamén á sociedade e, en especial, ós medios de prensa e ás administracións públicas, local-provincial, autonómica e estatal, para que sexan claros e precisos dende o punto de vista lingüístico, fágano en castelán ou galego —é igual—, sen ningunha confusión nin eufemismo para a cidadanía.

2. INTRODUCCIÓN

Cando novos elementos ou conceptos invaden a nosa realidade vital ou abelleira, as persoas adoitamos actuar de diferente forma en función da súa orixe ou procedencia do préstamo, ou ben acudindo de oídas, con algo de retranca ou escagarría terminolóxica², ou ben actuando comodamente e sen complicacións coa incorporación léxica do seu significante³,

¹ Véxase como exemplo claro as chamadas acollidas no 112 ou as novas estivais da prensa, onde a equivocación entre as abellas e as nespras/avespas é moi común, e incluso de xente do mundo rural; e non falemos xa dentro da mesma categoría taxonómica. Entendamos que son reaccións de pavor ignaro ante o descoñecido, para seguirmos no propio estado de descoñecemento.

² Tal é o caso da recompilación de máis de corenta e tres denominacións distintas para a *Vespa velutina* en catro anos, e que van dende *vespertinas*, *brillantinas*, *comunistas*, *estatinas*, *ghalopinas* ata *beduinas*, *soviéticas*, *ventolinas*, *vetuleiras*, *valvulina* etc., nun artigo publicado en *La Voz de Galicia* do 3 de xaneiro do 2017 por María Santalla. E a mesma deriva terminolóxica sucedeu no século pasado coa voz ‘eucalipto’, hoxe felizmente corrixido, aínda que non desde o punto de vista ecolóxico.

³ Ese mesmo artigo periodístico citado na nota 2 titúlase: «Vespertinas...? No, velutinas», e tírase do elemento culto e máis nada.

ou ben absorbendo os lexemas do seu significado⁴, ou ben —o menos, e máis dificultoso— acudindo á rica bagaxe terminolóxica da(s) nosa(s) propia(s) lingua(s). E esta reacción lingüística resulta diacronicamente real e lóxica para os falantes de calquera lingua dende os tempos da súa configuración como lingua, polo que afecta, en principio, case todos os idiomas, agás os poderosos económica, científica e culturalmente, que eles impoñen de por si a súa terminoloxía, e os cales nos nosos días pode ser o inglés, outrora o francés, o latín nalgúns campos, e inclusive o propio castelán no tocante a nosoutros.

No mundo apícola temos abondos exemplos neste abano dende que a apicultura comezou a modernizarse a grande escala nos anos oitenta do século pasado, debidos moitos deles á actualización técnica da apicultura e á chegada de aparellos e utensilios ou materiais novos, así como á presión da lingua castelá, a comercial e de ámbito estatal. Vexamos os exemplos de desleixamento léxico máis singulares:

— *colmea* no canto de *abelleira*, *cortizo*, *covo*, *trobo*..., e consecuentemente a voz **colmeal* en lugar de *abellariza*, *alvariza*, *apiario*.

— *panal* por *entena*, *favo*, *trevo*...

— *raíña*⁵ en vez de *mestra*, e *realeira* en troques de *mestreiro* ou *cela real*.

— *macho*⁶, **zángano* en substitución dos xenuínos *abázcaro*, *abáboro*... etc.

Doutra banda, sexa tanto no galego coma no castelán, as novidades conceptuais realmente non adoitan sufrir variación, precisamente por seren exóticas e non teren un referente na nosa realidade apícola. O exemplo máis indicativo pode ser na nosa casuística o caso de *varroa* ou *varroase* (cast. *varroasis*), do que practicamente todas as linguas da nosa contorna cultural e xeográfica adaptaron foneticamente o cultismo latino.

Agora ben, noutras circunstancias de simple infestación dunha terminoloxía allea perante a presenza dunha nomenclatura propia e moi definidora, convén reaccionar diante desa invasión masiva aséptica, que se produce coa falta de información —ou competencia— exacta, facilitada nalgúns casos polas propias administracións públicas⁷, e asumida á lixeira algunhas veces pola prensa e a poboación. A aqueles e a aquelas débenselles particularmente a corrección e a exactitude na linguaxe, á parte da claridade terminolóxica.

E esta introdución non é retórica para nada. Vexamos o noso caso.

3. *VESPA VELUTINA SPP. NIGRITHORAX VS APIS MELLIFERA MELLIFERA/IBERIENSIS*

Neste sintagma nominal de clasificación científica universal —escrito con letra cursiva— temos a seguinte composición e nomenclatura:

a) O substantivo da denominación *Vespa*, que corresponde co xénero do himenóptero da familia dos véspidos (lat. *Vespidae*).

⁴ Vexamos, por exemplo, ‘contedor’ en vez de ‘depósito’ ou ‘colmeal’ por ‘alvariza’.

⁵ No castelán, voces como *machiega* ou *abeja maestra* tamén se viron suplantadas polo galicismo *reina* (< francés *reine*).

⁶ Pobreza léxica, ben que moi determinante.

⁷ Como exemplos, entre outros, vexamos tres publicacións en castelán: a *Estrategia de gestión, control y posible erradicación del avispon asiático o avispa negra* (*Vespa velutina ssp. nigrithorax*) en España, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (2015), así como o interesante *Manual para la gestión de la Avispa asiática* (*Vespa velutina*), do Departamento de Medio Ambiente y Política Territorial do Goberno vasco (2016), e mais o *Protocolo de Lucha contra la Vespa velutina (avispa asiática) para 2018* na prensa cántabra, corrixido oficialmente a *Protocolo de Vigilancia y Control del Avispon asiático (Vespa velutina) en la Comunidad Autónoma de Cantabria* (2017).

No tocante a Galicia, o *Diario Oficial de Galicia* combina nos seus rexistros os termos **avespa*, **avespa asiática* e *Vespa/*vespa velutina* sen ningún rigor terminolóxico nin ortotipográfico.

Nesta parte debemos advertir unha primeira confusión no caso que tratamos, dado que este taxon latino *Vespa* (da orde *Hymenoptera*) non é equivalente ao nome común en galego *avespa/avéspera/nespra* ou en castelán *avispa*; non están na mesma categoría. Por tanto, non resulta correcta nin exacta a combinación de ambas as nomenclaturas popular e científica: *avespa *velutina* (> *Vespa velutina*), así como usamos ou *Apis mellifera* ou ‘abella melífera’.

Por outro lado, a lingua latina de base xa fai neste aspecto a diferenciación terminolóxica fundamentada no tamaño do propio insecto: *Vespula* e *Vespa*⁸. E en cuestión de tamaño as linguas romances, por suposto, tamén⁹.

[No caso das abellas a equivalente categoría é *Apis*.]

b) O adxectivo *velutina*, que se refire á especie¹⁰.

Non esquezamos que dentro desta categoría achamos diferentes especies, tales como a *Vespula vulgaris*, *Vespa germanica*, *Vespa crabro*, *Vespa mandarinia* etc.

De primeiras, podemos observar que na linguaxe común, como norma xeral, non adoitamos empregar sempre o adxectivo latino, en especial cando presenta dificultades fonéticas ou ortográficas (por ex.: *A. iberiensis/ligustica*); aquel resérvase para eidos científicos, multilingües ou de evitar erros identificativos. Isto quere dicir que nese ámbito estándar pode, por suposto, procederse a unha adaptación, de ser preciso (‘abella ibérica’/‘ligústica’).

Tamén se debe destacar que as normas ortotipográficas determinan que estas formas léxicas se grafan en letra cursiva, así como que non se aplica a variación de número. Ou sexa: a *velutina* - as *velutina*, a *crabro* - as *crabro*, a *Apis Buckfast* - as *Apis Buckfast*, a/as *Dryocosmus* etc.

[Na clasificación das abellas corresponde: *mellifera*, aínda que se soe adaptar a ‘melífera’ no ámbito coloquial.]

c) E o derradeiro adxectivo determinativo e senlleiro *nigrithorax*, o cal vén sendo unha subespecie ou un tipo, enténdase tamén unha variedade, que en todo caso a distinguiría doutra(s)¹¹.

Non todos os seres vivos levan esta terceira cualificación —posto que o normal son dous elementos léxicos, como *Apis mellifera* ou *Varroa destructor*—, mais nestes insectos que nos interesan aparecen tres para permitir distinguir á perfección o individuo doutro dunha subespecie semellante ou por unha característica moi específica.

No caso da *velutina* debemos engadir *nigrithorax* (= de tórax negro)¹², que vén sendo a forma máis curta e salientable cientificamente para distinguila doutras *Vespa*, que non avespas, e no noso territorio da especie autóctona *crabro*, por exemplo, cun tórax esta de cor

⁸ Aquí produciuse no territorio ibérico de orixe lingüística latina unha sinecdoque ou absorción de significado por parte do xenérico. Mais esa ‘globalización terminolóxica’ popular rachouse recentemente coa aparición da avespiña/nespriña do castiñeiro, a *Dryocosmus kuriphilus*, tamén de orixe asiática.

⁹ Segundo o *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)*, na definición da voz *avespa/avéspera/nespra* sinala: «*Insecto da orde dos himenópteros parecido á abella, aínda que de corpo máis esvelto, que pode vivir en sociedade (...) e do que existen varias especies*». (O subliñado é noso).

¹⁰ Na taxonomía da especie hai unha sinonimia referente a este tártago asiático ou, mellor, de patas amarelas: *Vespa velutina* Lepeletier —preferida nalgúns textos científicos—, 1836; *Vespa immaculata* Morawitz, 1889; *Vespa auraria* Smith, 1852; *Vespa fruhstorferi* Stadelmann, 1894.

¹¹ Non esquezamos que hai sete subespecies e seis variedades de *velutina*. E a variedade subtropical introducida en Europa dende Francia é precisamente a *nigrithorax*.

¹² De aí que en castelán figure nalgúns folletos das administracións públicas a designación de *avispa negra*. E esta non se axusta a unha precisión descritiva porque existen máis avespas negras, en especial no ámbito coloquial.

castaña avermellada. E de utilizarmos algún elemento culto, este sería o propiamente específico, mais representa unha pronuncia e escrita complicadas, e a xente non está para leas léxicas.

Neste ámbito, de se dar o caso de levaren o nome do seu descubridor, este escribirase en letra redonda. Vexamos no noso caso: *Vespa velutina* Lepeletier.

[No ámbito apícola, as máis destacables son a *mellifera mellifera* (a abella negra), a *mellifera iberiensis* (a ibérica), a *mellifera ligustica* (a italiana), a *mellifera carnica* (a carniola) etc.

4. DESIGNACIÓNS COMÚNS OU VULGARES

En primeiro lugar, convén termos claro(s) o(s) significado(s) dos nosos termos patrimoniais comúns, de noso, dende a romanización da Gallaecia, ou mesmo da Hispania, se é o caso.

Así, verbo do castelán, de acudirmos ao DRAE¹³, as *Vespa velutina* non son *avispas*, senón *avispones*, por sobrepasaren estes o tamaño dunha avespa-avéspera-nespra normal, a saber: «*Avispa. Insecto himenóptero de un centímetro a un centímetro y medio de largo...*». Definición precisa!

Dado que estamos a comprobar que nun principio o tamaño aquí si que importa, vaíamos logo á sufixación aumentativa, común na creación de novo léxico. Hai posibilidades formativas? As linguas románicas ofrecen eses recursos de creación léxica¹⁴.

De partirmos do galego, no noso campo apícola, temos un exemplo evidente: abella > *abellón*, termo polisémico co valor de abázcaro (*Apis*), abesouro (*Bombus*) e tártago (*Vespa*)¹⁵.

Ao seguirmos profundando na consulta na lingua castelá, achamos un termo que obedece a este criterio expositivo de enriquecemento da lingua: *avispón*. E cal é a definición de *avispón*? DRAE: «*Especie de avispa, mucho mayor que la común...*». Semella que non hai lugar a dúbidas académicas e que o tamaño distingue ben as unhas dos outros.

Polo tanto, en castelán as *avispas* e os *avispones* son diferentes, así como tamén a *avispilla*¹⁶, e primeiramente polo tamaño. Xa que logo, a cada un o seu. A *Vespula vulgaris* é unha *avispa*, así como a *Philantus* (avespa lobo das abellas) e as *Eumenidae* (*avispas alfareras*), e a *Vespa velutina nigrithorax* (2 cm; 3 cm a raíña) seica un *avispón*¹⁷. A corrección e a propiedade lingüística a cadaquén.

Con respecto á lingua galega, a *Vespa velutina* tampouco é xustamente unha avespa, así como tampouco a *Vespa crabro*. Para a súa designación común no territorio da antiga Gallaecia temos varios termos propios para designarmos as avespas grandes: *abáboro*, *abázcaro*, *abellón* —polisémicos—, *nesprón* e *avespón* —equivocos—, así como *tártago*¹⁸—específico—: semellante a una avespa pero de maior tamaño (DRAG *dixit*) e que segundo algún lexicólogo procede da voz do latín tardío *tartaruchus*, co significado de demo. Sen ningunha dúbida, talmente!

Agora ben, a secas o termo ‘tártago’, determinado comunmente ‘tártago europeo’, responde á identificación coa *Vespa crabro*, natural da nosa entomofauna. As demais linguas

¹³ *Diccionario de la Real Academia Española*.

¹⁴ En portugués, por exemplo, temos tamén o binomio léxico *vespa* e *vespão*.

¹⁵ Algúns dicionarios teñen recollidas as voces ‘avespón’ e ‘nesprón’ en galego, construcións léxicas totalmente válidas e existentes, mais que non están a triunfar no uso estándar. A este propósito para máis información confróntese o *Diccionario de dicionarios*, do ILGa-USC.

¹⁶ Esta avespiña/nespriña do castiñeiro mide 2,5-3 milímetros.

¹⁷ A *Vespa crabro*, de 1,8 a 2,4 cm, tamén vén sendo en consecuencia un *avispón*.

¹⁸ Concretamente, de uso na actualidade nas provincias de Lugo e Ourense, así como no occidente de Asturias, León e Zamora.

da nosa contorna xeográfica e apícola teñen tamén ese mesmo cualificativo para a *crabro*: *avispón europeo*, *frelon européen* etc.

Daquela, cómpre a diferenciación co bicho invasor recentemente chegado e instalado da especie *Vespa velutina nigrithorax*, procedente de Asia. A solución semellaba estar clara: *Vespa* asiática (> *avispa asiática (cast.), *vespa asiática* (port.), *frelon asiatique* (fr.), *asian hornet* (ing.). Mais si e non, porque —como xa sianlamos— hai moitas especies e subespecies de *Vespa velutina*, e todas son asiáticas.

O estudo e a descrición do bicho inimigo vainos guiando na concreción lingüística, que o diferenza xustamente da outra *Vespa* autóctona, o tártago europeo: as súas patas son amarelas, e doadamente perceptible dende o chan cando nos sobrevoa. De aí a precisión identificativa: **tártago de patas amarelas**. Tal como se fai científica e popularmente hoxe en día en francés (*frelon à pattes jaunes*) ou en inglés (*yellow-legged hornet*). Nosoutros non seremos menos, ho!

5. DOS NIÑOS PRIMARIOS E SECUNDARIOS

Para o concepto de niño de avespas tamén temos os termos enxebres de ‘nespreiro’, ‘avespeiro’, ‘avesporeiro’, que evidentemente son de nespras ou avespas, sen ningunha dúbida. Mais así e todo o galego tamén é unha lingua rica na súa realidade semántica e ofrécenos máis especificidade para o noso caso concreto.

A respecto dos niños primarios non hai ningún comentario de tipo lingüístico, é un niño: niño primario. Mais no que concirne os niños secundarios dos tártagos si, porque o tamaño volve importar. E o noso DRAG e outros dicionarios galegos, derivado do termo proposto — existente, non inventado!— recollen: **tartagueiro**, así como **tartagueira** (para os máis grandes), que resultan ser máis imponentes e específicos. Logo, para cando saia iso de «nespreiros de tártagos de patas amarelas» vaíamos á derivación xenuína referenciada: tartagueiro.

De noso, o galego ten o seu propio léxico, por que non utilizarmos as voces ‘tártago’ e ‘tartagueiro’/‘tartagueira’? Non nos entendemos? As *Vespa velutina* elas si que nos pillaron; seica viñeron para quedar. Bateémolas e beicémolas debidamente para sabermos de que falamos.

Xosé Torres Romar

Presidente de AGA